

# PSdeG do Irixo sobre a construción dun muro no pobo de Pedrouzo

0 comentarios

Me gusta 

9 Sep 2015

Os socialistas de O Irixo, veñen de preguntar ó Sr. Alcalde pola construción dun muro de pedra de importantes dimensións no pobo do Pedrouzo diante da casa do tío político (irmán da nai que é a súa vez traballadora do Concello) da concelleira do Partido Popular neste concello Doña Nuria Penedo Taboada que é a súa vez prima do Sr. Alcalde Don Manuel Penedo.

Preguntan os socialistas cal é o criterio para acometer unha obra de semellante envergadura que non se entende de interese xeral diante da casa dun familiar dun membro do goberno deste concello. Cal é o custo da execución de dito muro. Se é certo que dita obra foi solicitada polo propietario desta vivenda diante da que se executou dito muro para poder ter un acceso máis cómodo a súa vivenda e ó garaxe da mesma co seu tractor, segundo denuncian os veciños. Ou se non considera que no Irixo existen outras obras e necesidades máis apremiantes que a construción dun muro que beneficia en exclusiva a un particular, familiar de membros do goberno do concello.

Os socialistas teñen solicitado tamén a copia do expediente da construción do referido muro executado presuntamente pola empresa Coviastec S.L., segundo manifestacións dos veciños.

Denuncian os socialistas que esta importante obra como se pode apreciar nas fotografías que se axuntan, non resposta a ningún tipo de interese xeral, dado que non está nunha vía principal do Concello, non entenden o interese en dita obra salvo beneficiar a un familiar dos membros do goberno para revalorizar unha propiedade particular facéndolle o camiño diante da súa casa máis ancho e facilitándolle maior comodidade para a entrada o seu garaxe. Denuncian os socialistas que é un escándalo e unha auténtica cacicada acometer esta obra con tódalas necesidades que ten o concello en materia de infraestruturas, estradas e camiños ó longo de todo o concello.

Esta obra non é máis que unha mostra máis da línea política deste goberno e deste alcalde, onde prima beneficiar a familiares e amigos principalmente fronte ó resto de veciños e veciñas de O Irixo...

Os socialistas están á espera de coñecer o custo destas obras e da xustificación de interese xeral que non existe, pois somos coñecedores da zona e do pobo antes da construción de dito muro e non existía interese xeral algún, máis que o de beneficiar a un particular familiar directo dunha concelleira do goberno e do propio alcalde.



## CURTAS

**400 PARTICIPANTES NA 5ª RUTA MTB ADC OS MOSQUETEIROS.BIKE&TRAIL. DOMINGO 26 DENDE ÁS 9,30 DA MAÑÁ POR CAMIÑOS E MONTES DO CARBALLIÑO, O IRIXO E BOBORÁS.**  
25/9/2015

**ROMARÍA DA SALETA EN ASTURESES: O DIA 19 DE SETEMBRO, MISAS DENDE AS 8:30 HORAS E SOLEMNE CON PROCESIÓN Á UNHA. XANTAR CAMPESTRE E SOBREMESA, FESTA E VERBENA CO GRUPO ESTILO, O GRUPO BIRUXES E A ORQUESTRA MARAZUL.**  
18/9/2015

**MASTERCLASS: O CLUB DE PATINAXE AEHDE ORGANIZA O DIA 13 DENDE AS 16:30 HORAS NA PRAZA DA VERACRUZ, EXHIBICIÓNS DE FREESTYLE E ROLLER DANCE.**  
11/9/2015

**AS LOCALIDADES DE SAN FIZ DE NAVIO, ARENTEIRO E OSMO CELEBRAN AS SÚAS FESTAS OS DIAS 12 E 13 DE SETEMBRO.**  
11/9/2015

**FEIRA DE STOCKS DO CARBALLIÑO CENTRO COMERCIAL ABERTO. DO 4 AO 6 DE SETEMBRO NA PRAZA MAIOR, CENTOS DE PRODUCTOS CON GRANDES DESCONTOS.**  
4/9/2015

**7º FESTIVAL DE TÍTERES DO CARBALLIÑO: DO 24 AO 28 DE AGOSTO, ESPECTÁCULOS INFANTÍS A DIARIO ÁS 19:30 HORAS NA PRAZA DOS IRMÁNS PRIETO, NO CASO DE CHUVIA NO AUDITORIO.**  
24/8/2015

**FESTA DO CABALO DO CONCELLO DE MASIDE. O DOMINGO 23 DE AGOSTO NA PARAXE NATURAL DO PUZO DO LAGO, CONCURSOS, EXHIBICIÓNS E CARREIRAS DE CABALOS.**  
21/8/2015

**FESTA DA EMPANADA DE MESEGO: OS DIAS 23 E 24 DE AGOSTO, COA ANIMACIÓN MUSICAL DA CHARANGA CASTRO BELLO, E AS ORQUESTRAS GRAN PARADA, TRIUNFO E MOSAICO.**  
21/8/2015

**XORNADAS DE FOLCLORE NO CARBALLIÑO, O DIA 11 ÁS 22:30 HORAS NO AUDITORIO : FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA E DANZA NO QUE ACTUARÁN GRUPOS PROCEDENTES DE FILIPINAS, XEORXIA E MÉJICO.**  
11/8/2015

**BEARIZ CELEBRA A ROMARÍA DE SANTO DOMINGO NA PARROQUIA DE XIRAZGA:**

**ESCOITA " A MAÑÁ DE COPE O CARBALLIÑO "***De 12:30 a 15:00 horas, con***XAN PINAL****XANTAR CAMPESTRE E ACTUACIÓNS****MUSICAIS.**

4/8/2015

**O TEMPO**

	Max	Mín	Vento	Lúa
Hoxe	26°C	9°C	Leste 6 km/h	
Mañá	22°C	8°C	Suroeste 15 km/h	
Xoves	21°C	5°C	Oeste 12 km/h	
Venres	17°C	5°C	Suroeste 10 km/h	
Sábado	16°C	10°C	Sureste 8 km/h	

Programado por Nubestudio

